

**RESOLUCIÓN REITORAL DO 12 DE ABRIL DE 2018 DA UNIVERSIDADE DE VIGO, POLA QUE SE PUBLICAN AS LISTAXES DEFINITIVAS DE ESTUDANTES SELECCIONADOS/AS E EN LISTA DE AGARDA NO MARCO DA CONVOCATORIA DE SANTANDER GRAO IBEROAMÉRICA PARA O CURSO 2018-19**

Publicada a convocatoria de Santander Grao Iberoamérica para o curso 2018-19 por resolución reitoral da Universidade de Vigo do 1 de febreiro de 2018, e publicadas as listaxes provisionais de seleccionados/as e en lista de agarda, esta Reitoría

**RESOLVE**

Publicar a listaxe definitiva de seleccionados/as que figuran no anexo I.  
Publicar a listaxe definitiva de lista de agarda que figura no anexo II.


De se produciren renuncias de estudantes, a axuda concederáse aos estudantes do anexo II por orden de expediente.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución (ou dende o día seguinte ó recibo desta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O REITOR  
Por Delegación (R.R. do 29/06/2017)  
O vicerreitor de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais

Manuel J. Fernández Iglesias



DILIXENCIA para facer constar que esta Resolución publícase con esta data no taboleiro desta Universidade.  
Vigo, 12 de abril de 2018

O secretario do vicerreitor de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais  
Alejandro Cadabón Figueroa